### 5. POTENCIAR HÁBITOS

- A asistencia á escola pode ser un momento privilexiado para que a familia potencie dende o fogar unha serie de hábitos adecuados, entre eles o **control de esfínteres**.

- É un bo momento para mellorar os hábitos de alimentación, de sono, de autonomía persoal e o seu comportamento en xeral.

### 6. RELACIÓN FAMILIA-ESCOLA

- A escola colabora coa familia na súa labor educativa.

- Animámosvos a manter unha boa relación e fluída relación cos educadores e profesionais da escola.

- A titora do seu fillo/a debe ser a persoa de referencia. Como mínimo debería manter unha entrevista trimestral para informarse da evolución do/a seu fillo/a e si fora necesario, adoptar xuntos as medidas necesarias.

- Na maioría dos centros existe un orientador/a. É un profesional especializado que tamén lles pode asesorar na súa labor educativa.

### 7. APORTAR INFORMACIÓN RELEVANTE

- Por último, é necesario que informe aos educadores do centro de aqueles aspectos do seu fillo ou filla que poden ser relevantes no contexto escolar.

- Se trata de informar de alerxias, problemas de saúde, intolerancias alimenticias ou necesidades educativas especiais.

- Si fora necesario, teñe a obriga de informar de situacións legais de custodia e patria potestade, para que o centro adopte as medidas oportunas.

Colexio de Educación Infantil e Primaria
"SAL LENCE"

# Comenzar en Educación Infantil



Departamento de Orientación e
Equipo de Educación Infantil

- Esta información vai dirixida á familias de nenos/as que van comenzar o primeiro curso de Educación Infantil no colexio.

- Son nenos/as pequenos, con pouca autonomía persoal, con escaso desenvolvemento da linguaxe e que todavía depende en gran medida do adulto.

- Ademais consideren que o seu fillo ou filla non estará só, estará cun grupo numeroso de nenos/as na aula polo que é importante que sexan o máis autónomos posibles a nivel persoal.

## 1. É UNHA ETAPA EDUCATIVA

- A educación infantil é unha etapa que aínda que non é obrigatoria, sen embargo, escolariza á maioría dos nenos e nenas de 3 anos.

- **Ten** fundamentalmente **unha función educativa**, **non é un lugar para que o neno/a sexa atendido mentres a familia traballa**, senón que se trata dunha institución educativa.

- A finalidade principal é desenvolver competencias básicas en estas idades, como a comunicación, a psicomotricidade, o desenvolvemento cognitivo, as relacións sociais e a adquisición de hábitos. aínda que aprenderan outras cousas, estas son as prioritarias neste período.




## 2. O PERÍODO DE ADAPTACIÓN

- Durante as primeiras semanas os seus fillos/as terán un período de adaptación. Por elo, a maioría dos centros establecen un horario no que o seu fillo/a comenza asistindo períodos breves de tempo á escola.

- Cada centro organiza este período a súa maneira, pero a finalidade é facilitar a adaptación do neno/a a esta realidade nova para el/a e a estar separado do seus pais.

## 3. PROFESIONAIS DA EDUCACIÓN

- Os mestres e mestras de Educación Infantil son profesionais da Educación.

- Realizaron estudos universitarios que os cualifican para elo e tiveron que superar probas e exámenes para acceder a esta praza.

- Por elo, a súa opinión, os consellos e orientacións que lles faciliten deben ter para vostedes un peso moi relevante: é a opinión dun profesional especializado e non poden equiparalos á opinión de amigos e familiares que non son expertos.

## 4. RESPECTAR AS NORMAS

- Consideren que o seu fillo ou filla non está so. Na súa aula e no centro hai moitos máis nenos e por elo, é necesario establecer unhas normas.

- Respecte os horarios, as normas de entrada e saída, as que se establezan respecto á roupa que deben traer ou ao material.

- Ademais, o respecto das normas será un exemplo positivo para o seu fillo ou filla.